### Profesor Contratado Doctor da Area de Teoría e Historia de la Educación

#### **Charla «O noso presente e futuro común. Educar para unha cultura da sostibilidade»**

CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (Betanzos – A Coruña)

IES AS INSUAS (Muros – A Coruña)

CPR SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS (Pontevedra)

IES AGRA DE RAICES (Cee - A Coruña)

## MARIA ELENA VÁZQUEZ CENDÓN

### Profesora Titular de Universidade da Área de Matemáticas aplicada

#### **Charla «O sangue, os coches e a auga movéndose coas matemáticas da mesma familia»**

IES FERNANDO ESQUÍO (Neda – A Coruña)

IES AQUIS CELENIS (Caldas de Reis – Pontevedra)

IES XESÚS TABOADA CHIVITE (Verín – Ourense)

IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS (Santiago de Compostela – A Coruña)

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO (Vigo – Pontevedra)

#### **Charla «O ADN matemático da auga, do sangue e do tráfico»**

IES PLURILINGÜE ROSALIA DE CASTRO (Santiago de Compostela – A Coruña)

ENCONTROS  
DO  
ENSINO MEDIO  
E DA  
USC

## ENCONTROS NA USC CURSO 2015-16

Preto de 2.700 alumnos de 55 centros de ensino secundario de toda Galicia visitaron o Campus de Santiago, dentro dos Encontros na USC 2015. Con esta iniciativa preténdese acercar aos estudantes de Ensino Medio aos estudos nos que eles están máis interesados mostrándolle as materias coas que se van atopar así como as súas saídas profesionais, a posibilidade de emprego etc, e coñecer as instalacións onde se imparte a titulación na que están interesados, e poder asistir a unha clase cos alumnos de 1º curso e, nalgún caso, visitar laboratorios de clases prácticas.

Nestas visitas, ademais dos responsables dos centros participaron os titores dos alumnos de 1º curso que foron os encargados de dirixilos polos campus e comentarlles a súas vivencias na USC

Os percorridos que se ofertaron foron os seguintes:


## SAÍDA DA RESIDENCIA BURGO DAS NACIÓNS ÁS 10:30 (CAMPUS NORTE) PERCORRIDOS

- 1: Filoloxía e Ciencias da Comunicación
- 2: Ciencias Económicas e Empresariais
- 3: Ciencias da Educación (Mestres) e Traballo Social
- 4: Enfermaría e Medicina-Odontoloxía,
- 5: Xeografía e Historia e Filosofía
- 6: Dereito, Relacións Laborais e Ciencias Políticas e Sociais
- 7: Química e Enxeñaría Química
- 8: Bioloxía e Farmacia
- 9: Enxeñaría Informática e Matemáticas
- 10: Física e Matemáticas
- 11: Enxeñaría Informática e Física
- 12: Química e Física
- 13: Óptica e Optometría
- 14: Psicoloxía e Ciencias da Educación

Pola tarde realizaron visitas ao Patrimonio Histórico ao Centro Superior de Hostalaría de Galicia, ás Residencias Universitarias, o Museo de Historia Natural e a Cidade da Cultura.

Total de alumnos que participaron no Campus

TOTAL ALUMNOS	2700
TOTAL CENTROS	58



## Relación de centros que visitaron o Campus de Santiago de Compostela:

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA	A CORUÑA	A CORUÑA
IES AGRA DE LEBORÍS	A LARACHA	A CORUÑA
IES DA POBRA DO CARAMIÑAL	A POBRA DO CARAMIÑAL	A CORUÑA
IES DO MILLADOIRO	AMES	A CORUÑA
IES PLURILINGÜE DE AMES	AMES	A CORUÑA
IES DE SABÓN	ARTEIXO	A CORUÑA
IES DE ARZÚA	ARZÚA	A CORUÑA
CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN	BETANZOS	A CORUÑA
IES ESPÍNEIRA	BOIRO	A CORUÑA
IES DE BRIÓN	BRIÓN	A CORUÑA
IES MONTE NEME	CARBALLO	A CORUÑA
IES DE CURTIS	CURTIS	A CORUÑA
IES TERRA DE TRASANCOS	NARON	A CORUÑA
IES AS TELLEIRAS	NARÓN	A CORUÑA
IES XULIÁN MAGARIÑOS	NEGREIRA	A CORUÑA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	NOIA	A CORUÑA
IES SATURNINO MONTOJO	FERROL	A CORUÑA
IES MIRAFLORES	OLEIROS	A CORUÑA
IES DE ORTIGUEIRA	ORTIGUEIRA	A CORUÑA
IES MACIAS O NAMORADO	PADRÓN	A CORUÑA
IES BREAMO	PONTEDEUME	A CORUÑA
IES FRAGA DO EUME	PONTEDEUME	A CORUÑA
IES PORTO DO SON	PORTO DO SON	A CORUÑA
IES FÉLIX MURIEL	RIANXO	A CORUÑA
IES ISAAC DIAZ PARDO	SADA	A CORUÑA
IES TERRA DE XALLAS	SANTA COMBA	A CORUÑA
CPR SAN JOSÉ DE CLUY	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
CPR SEMINARIO MENOR DE LA ASUNCIÓN	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ARCEBISPO XELMIREZ I	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES EDUARDO PONDAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES BECERREÁ	BECERREÁ	LUGO
IES PERDOURO	BURELA	LUGO
IES MARQUÉS DE SARGADELOS	CERVO-SAN CIBRAO	LUGO
IES POETA DÍAZ CASTRO	GUITIRIZ	LUGO
IES A PINGUELA	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO
IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ	SARRIA	LUGO
IES GREGORIO MARAÑÓN	SARRÍA	LUGO
IES MANUEL CHAMOSO LAMAS	O CARBALLIÑO	OURENSE
IES Nº 1 DE O CARBALLIÑO	O CARBALLIÑO	OURENSE
CPR SANTA MARÍA-MARISTAS	OURENSE	OURENSE
IES XESÚS TABOADA CHIVITE	VERÍN	OURENSE
IES PAZO DA MERCÉ	AS NEVES	PONTEVEDRA
IES PRIMEIRO DE MARZO	BAIONA	PONTEVEDRA
IES FRANCISCO ASOREY DE CAMBADOS	CAMBADOS	PONTEVEDRA
IES RAMÓN CABANILLAS	CAMBADOS	PONTEVEDRA
IES CHANO PIÑEIRO	FORCAREI	PONTEVEDRA
IES RAMÓN M <sup>o</sup> . ALLER	LALÍN	PONTEVEDRA
IES CHAN DO MONTE	MARÍN	PONTEVEDRA
IES PINO MANSO	O PORRIÑO	PONTEVEDRA
IES RIBEIRA DO LOURO	O PORRIÑO (TORNEIROS)	PONTEVEDRA
IES PEDRA DA AUGA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
CPR SAGRADO CORAZÓN	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
IES DE TOMIÑO	TOMIÑO	PONTEVEDRA
CPR MARÍA AUXILIADORA. SALESIANOS	VIGO	PONTEVEDRA
CPR SAN JOSÉ DE CLUNY	VIGO	PONTEVEDRA
IES FERMÍN BOUZA BREY	VILAGARCIA DE AROUSA	PONTEVEDRA

CHARLAS  
DA USC PARA  
NAIS E PAIS  
DOS CENTROS DE ENSINIO MEDIO

Outra actividade demanda é a reunión con pais e nais de alumnado dos distintos centros que o solicitaron.

Nestas reunión fálase moito máis de cuestións prácticas (aloxamento, comedores, bolsas, idiomas) que das carreiras e saídas profesionais.

Os centros onde se impartiron son os que a continuación se detallan:





## RELACIÓN DE CHARLAS PARA PAIS E NAIS

IES DO MILLADOIRO (Ames – A Coruña)  
**ANTONIO SEGURA IGLESIAS**

IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS (Oleiros – A Coruña)  
**ENRIQUE MACÍAS VIRGOS**

IES Nº 1 (Ribeira – A Coruña)  
**ANTONIO SEGURA IGLESIAS**

IES FONTEM ALBEI (A Fonsagrada – Lugo)  
**MONTserrat SOUTO GÓMEZ**

IES MONTE CASTELO (Burela – Lugo)  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

IES MURALLA ROMANA (Lugo)  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

IES ANXEL FOLE (Lugo)  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

IES FRANCISCO DAVIÑA REY (Monforte de Lemos – Lugo)  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

IES DO CAMIÑO (Palas de Rei – Lugo)  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

CPR PABLO VI FÁTIMA (A Rúa – Ourense)  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O Carballiño - Ourense)  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

CONCELLO DE SANXENXO  
**FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ**

CURSO  
«PROGRAMA DE  
FORMACIÓN  
DE TITORES E  
ORIENTADORES  
ACADÉMICOS»

Na 1ª etapa do curso formase ao alumnado para que coñeza o funcionamento da USC e na 2ª etapa estes alumnos dan acollida aos alumnos de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes extranxeiros (Erasmus e de intercambio).



O programa do 1º curso, xunto cos docentes que o imparten, e o que se detalla a continuación:

**Parte xeral:**

<b>Temario</b>	<b>PROFESORADO</b>
A Formación na USC. Grao, Posgrao e Formación Continua	María del Mar Sanjuán Roca
Programas de Mobilidade	Gloria Ventosa Fernández Begoña Soneira Beloso
A USC. Organización e Servizos	Mª. Isabel Braña Tobio Mª. Jesús Varela Pulpeiro
As relacións administrativas alumno universidade	Francisco Colomer Fariña Mª. Asunción Pérez Pérez
CLM formación, avaliación e acreditación de competencias lingüísticas	Katerina Vlasakova Martázul Busto Nuñez
Actividades Culturais e Deportivas	Pablo Sampedro Magán Alexandre Cadarso Paloma Lugilde Rodríguez Jesús Castro López
A participación desde a USC: voluntariado, cooperación e integración	Javier Agrafojo Fernández Fátima Teixeira Vázquez
Calidade na USC	Pilar Martínez García
A titoría e a orientación universitaria/ Titoría entre iguais: planificación e recursos	Mª. José Méndez Lois Julia Díz López
Técnicas de Comunicación	Enrique Castelló Mayo Tania Fernández Lombao
O desenvolvemento da carreira profesional: o emprendemento e o emprego	Celia Conde-Pumpido Tourón Gloria Cruz Amil

**Parte específica:**

Cada centro informará aos seus titores sobre as particularidades do mesmo; referido a:

- Planos de estudos
- Intercambios existentes
- Saídas profesionais

Esta parte específica inpartiuise no número de sesións que cada centro estimou oportuno.

ACTO DE  
RECOÑECIMIENTO

AOS

MELLORES  
ESTUDANTES

DE ENSINO MEDIO DE GALICIA NAS PAAU 2016

O xoves día 30 de xuño de 2016, ás 18 horas, no Palacio de Congreso e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela celebrouse o acto de recoñecemento aos estudantes de bacharelato que acadaron unha puntuación definitiva de 9 ou superior na parte xeral das probas de acceso á universidade na convocatoria de xuño de 2016.

Foron un total de 604 estudantes pertencentes a centros de ensino medio. Asistiron a este acto un total de 510, acompañados dos seus familiares e dos representantes dos centros de ensino medio onde cursaron o bacharelato.

Neste acto entregóuselles un diploma en recoñecemento ao seu esforzo co desexo de que manteñan a mesma liña de traballo en anos vindeiros.

O acto estivo presidido polo reitor da USC e interviron o alumno Iván Arias Arias do IES Do CAMIÑO de Palas de Rei (Lugo) que obtivo a cualificación de (9,9) entre todos os homenaxeados a Profesora M<sup>a</sup>. José Cuesta Fernández, directora do IES SAN ROSENDO. Mondoñedo (Lugo) que falou en representación do seu colectivo e o alcalde do Concello de Santiago de Compostela, Martiño Noriega, que pechou o acto.

É de agradecer a colaboración prestado polo Concello de Santiago de Compostela

Finalmente nas instalacións do Palacio de Congresos e exposicións ofreceuse un aperitivo para todas as persoas asistentes, no que colaboraron fundamentalmente as empresas Publitoools Consulting Group e Gadis.



## Discurso da alumno Iván Arias Arias

IES do Camiño

**S**eñor Reitor, autoridades representantes dos organismos e institucións, docentes, compañeiros e compañeiras e familiares, quero agradecer a vosa presenza e desexarvos que pase des unha boa tarde.

É complexo facer unha síntese de todo o vivido durante estes dous anos de bacharel, e mais aínda, cando o meu cometido é representar a cada un dos que estades esta tarde acompañándome, posto que cada experiencia é diferente para cada un de nós aínda que as emocións e os sentimentos seguro que concordan a pesares de non coincidir en espazo e tempo. Con todo, que sexa eu o que aquí vos representa, non deixa de ser unha mera casualidade, posto que no transcurso duns días, foron moitas as decisións, as emocións e mesmo os nervios que fixeron que hoxe cada un de nós se atope en cadansúa situación. Unha situación que non é nin mais nin menos ca froito dun proceso no que interviñeron diversos factores, que non fan mais que situarnos en diferentes postos en función dunhas décimas que marcan a diferenza, e por iso me gustaría recalcar que dende a miña humilde opinión, os aquí presentes, non somos

unha simple nota, senón persoas con soños e ilusións, que loitamos para conseguir a nosa meta, tanto persoal como profesional, e deste xeito as décimas, a modo persoal, xa perden importancia.

Levamos intensos días preparando exames tras exames, pasando noites sen durmir porque os nervios se apoderaron do noso corpo, pero é ben certo que todo traballo ten a súa recompensa, e sobre todo o traballo ben feito, que fixo posible que todos nós esteamos hoxe aquí vivindo este momento tan especial. Noraboa a todos os que hoxe estades aquí, pero non so a vós, tamén a todos aqueles que cumpriron os seus obxetivos e viron recompensado o seu traballo e a súa entrega e adicación.

Hoxe, é día para recordar, para facer un pequeno recorrido de todo o que vivimos ao longo da nosa traxectoria académica. Parece que foi onte cando estabamos comezando a ESO, uns cativos con apenas 12 anos que se enfrontan a unha nova etapa chea de medo e de incertidume polo que pasará...e aquí estamos hoxe, quizabes moitos de nós volvendo recordar eses sentimentos, esa incertidume que nos leva a pensar no que pasará e como será esta nova etapa que pronto comezare-



mos. Pero sobre todo, hoxe gustaríame recordar a todas esas persoas que fixeron posíbel este soño. Neste camiño acompañounos moita xente que recordaremos sempre. Por suposto comezar polas nosas familias, elas son o soporte fundamental de toda a nosa vida, un apoio incondicional no noso camiño e sobre todo, e se cabe o mais importante, os encargados de educarnos e inculcarnos valores que fixeron que hoxe sexamos o que somos. Como non, os nosos amigos, os que están para rir e chorar, e para erguernos cando non nos quedan forzas para seguir camiñando. E xa por último, pero non menos importante, os nosos docentes. Eles forman parte dos nosos éxitos, sen a súa axuda e persistencia nada disto sería posíbel. Docentes que o dan todo por nós, que sacrifican horas do seu tempo de lecer para poder preocuparse polo noso traballo. Eses docentes que non so pretenden que fagamos uso da aprendizaxe memorísticas, senón que souberon chegar ao noso corazón facilitando todo o proceso de ensinanza aprendizaxe.

É agora, neste punto do camiño, onde debemos reflexionar mais se cabe. É momento de decisións e de previsións para o futuro. Moitos de nós nos preguntaremos... e agora que? Agora volvemos comezar outra etapa. Unha etapa que depede das nosas decisións e sobre todo das nosas preferencias. Chegou o momento de formarse no que tanto un desexa. Uns comezaremos unha nova etapa educativa, na universidade e outros quizabes decidan optar pola vía profesional. O importante de todo iso é que cada un faga o que realmente lle dicte o corazón posto que iso garantizará os nosos éxitos. Todo cambio leva consigo dous contrapuntos. Por un lado a parte de emoción, de querer vivir o momento, e por outro lado de temor e angustia sobre o que pasará. Temor ao descoñecido, a volver a facer novas amizades, coñecer novos docentes e comezar a construír a nosa independencia. Pero ninguén dixo que isto fora duro, ao contrario,

seguro que moitos coñecidos e amigos vos advertirían de que desfrutárades deste momento, posto que son moitos os que garantizan que comeza a mellor época das nosas vidas. Agora tocános vivir esa experiencia e agardo, que ao igual ca min, a desfrutes ao máximo.

Gustaríame rematar este discursos facendo mención á nosa educación. Eu sempre apostei pola educación pública e de calidade. A educación é un dos piares fundamentais da nosa sociedade, á que toda persoa debe ter dereito. Desfrutemos deste dereito ao máximo, xa que será o noso legado co paso do tempo. Deste xeito, a educación é un factor decisivo para a socialización e polo tanto para a transmisión dos valores relacionados coa democracia, a cidadanía, a solidariedade e a tolerancia. A educación prepáranos ás xeracións futuras para facer frente aos problemas que plantea a sociedade, polo tanto fago dende aquí un chamamento para que todos nós aproveitemos esta oportunidade que temos de poder formanos. Corren tempos difíciles pero, ninguén dixo que foran imposibles de afrontar, e por iso debemos botar man da formación, e converternos en grandes profesionais. Todo isto forma parte do ciclo de vida, ao igual que cando un comeza a andar, primario faino paseniño pero coa confianza e coa sabedoría logra dar os pasos necesarios. O camiño que agora todos imos comezar é moi similar, debemos camiñar paseniño, pero camiñar, e cando caiamos levantarnos, xa que será un camiño cheo de obstáculos pero temos que ser capaces de erguernos e seguir mirando para diante. E xa para rematar recordada algo moi importante: persegue sempre os vosos soños e nunca deixedes que ninguén os realice por vós nin vos corten as ás para poder voar.

**NON DEIXEDES NUNCA QUE OS VOSOS MEDOS SEXAN MAIS GRANDES QUE OS VOSOS SOÑOS!!!!!!!**

# #Mellores Expedientes


USC  
UNIVERSIDAD  
DE SANTIAGO  
DE CHILE

CONCEJO DE  
SANTIAGO

USC  
CONSEJO SOCIAL

PUNTO COLOS  
SANTAGO

QADIS





## Discurso de María José

«Como profesora de inglés, tiña escrito o discurso antes do Brexit, cun comezo na lingua da GB, mais agora creo que vai ser mellor obvialo»

Boa tarde a todos e a todas, autoridades, alumnado, profesorado, familias

Cando penso neste oficio da docencia que ocupa unha parte moi importante da miña vida, non poucas veces chego á conclusión de que: teño a sorte de poder vivir do que me encanta facer. Xa de pequerrecha quería eu ser mestra; xa daquela lles poñía *mostras* as meus curmáns para que lesen e escribisen. Logreino. Logo, co tempo, cheguei á Dirección do IES San Rosendo de Mondoñedo, que, porqué non recoñecelo, tamén da ás. E, por se fose pouco, resulta que este ano me convidan a compartir con vós tanta felicidade! Como non hei amar o meu traballo se hoxe me permite estar aquí co mellor alumnado e coas súas familias?

E aquí estamos, rematando curso cos seus exames, coas súas tensións e pechando con elo unha etapa da vosa vida, posiblemente o derradeiro andar antes de acadar a idade adulta.

Non depreciades nin un segundo destes intres, agora co merecido recoñecemento a todo o voso traballo. Atrás queda o esforzo e todos os sacrificios que tivestes que superar para chegar ata aquí.

Tedes marcado o camiño, nunca o abandonedes por moi dura que sexa a pendente.

Pouco resta por dicirvos que non coñezades.

Sabedes que levamos tempo formando xeracións maravillosas, altamente cualificadas. Vós sodes parte diso: o novo talento investigador, con ansia de saber e, agardo que tamén con azos de elevar a cultura deste país. Sodes o noso músculo social, o que pode darlle a volta á crise de valores que padece a sociedade, que impuxo a falsa noción de que todo serve ...! Quédavos moito que amañar, aceptade o reto!

Pola miña banda, esta sinxela directora que vos fala, débelle ao seu traballo o privilexio de poder incidir un chisquiño no desenvolvemento do enxeño que garante o potencial da sociedade. Por iso aposto pola igualdade de oportunidades, pero asentada na cultura do esforzo e do traballo. Por iso creo na educación, na que prime a formación dunha cidadanía competente e preparada para o esixente mercado laboral. Confiade en vos mesmos, na vosa capacidade, sede conscientes do voso enorme potencial para seguir logrando premios extraordinarios ao voso traballo de expedientes meritorios.

Non podo deixar pasar a oportunidade para, dalgún xeito reclamar a posibilidade de dar as ma-



trículas de honra a quen o mereza, independentemente do número de alumnado por curso, pois en centros pequenos como o noso e como a maioría dos centros galegos, estar suxeitos ao 5% que marca o Dog, deixa a moi bo alumando sin o seu merecido recoñecemento.

Ogallá que a sociedade vos recoñeza tanto esforzo; que vos deixe investigar aquí; exercer se o desexades, a vosa profesión na vosa terra e non fóra, pois isto redundaría, ademais, no beneficio común. Para ilo fai falta compromiso, non só pola vosa parte, senón tamén político, que respecte a educación, que percure o consenso para dar co modelo que máis beneficie a toda a sociedade, que fomente a calidade e o equilibrio...

Nos nove anos que levo desempeñando o cargo de directora tocoume poñer a andar dúas leis educativas... Iso non é serio, pois a prosperidade da cidadanía e o futuro das nacións dependen da fortaleza e calidade dos sistemas educativos asentados no consenso, que aposten pola igualdade de oportunidades, polo afán de emprender; que fomenten a iniciativa das persoas para lograren o benestar social... É necesario, si, compromiso político.

Tamén a vós volo pido. Compromiso co que tedes ao redor, co mundo que vos rodea, que nos rodea, na procura dunha sociedade solidaria e xusta que tan lonxe vemos nestes tempos... Sodes unha xeración irrepetible e con todos os retos por asumir; se cadra mesmo de rematar coas discriminacións ou co cambio climático...

Un compromiso especial vos pido co país que vos deu ao mundo, Galicia; coa súa cultura, coa súa personalidade, coa súa lingua. Nunca a esqueza-

des, pois é un dos nosos máis grandes valores; é a nosa identidade. Se deixamos que esmoreza, con ela esmorecerá a esencia do que somos. E dígovolo eu, que son asturiana, e que teño unha grande admiración e un grande amor pola vosa terra e pola vosa lingua, que considero tamén miñas.

Hoxe celebramos aquí o logro do voso soño, o máis que merecido premio ao voso esforzo. Debemos axudarnos agora a encarar a realidade que vos agarda, a seguir aprendendo; debemos proporcionarvos os medios para lograr a mellor formación nas disciplinas que escollades, que permita sentir sempre este mesmo orgullo nas vosas casas. Debemos e queremos apoiar excelentes profesionais en todos os campos como por exemplo no da enxeñería, lonxe do obxectivo do lucro, que diso xa hai abondo, e si asentada na humildade de quen sabe escoitar á xente que sabe, de quen coñece por ónde van as néboas cando fan as autovías para non ter que pechalas despois, e para que non sexan unha labazada ao medio natural e patrimonial...

Ou no campo da investigación, da medicina, do pensamento e tamén

no da política... Como auguro todos os anos no discurso de benvinda de curso, do instituto de Mondoñedo saíra a futura presidenta do Goberno, xa non unha ministra, que iso non sería novidade.

Formación para un mundo máis xusto. A que merecedes, a que vos pertence.

Poder vivir con vós este momento de ledicia aumenta a miña fe na educación. Moitísimas grazas por me permitir partillalo.

Moita sorte no camiño que agora se vos abre. O futuro é voso.





#MellioresE





CAMPUS CIENTÍFICOS  
DE  
VERÁN 2016

O obxectivo dos Campus Científico é incentivar o acceso dos estudantes a titulacións científico-técnicas e apoiar a permanencia no primeiro ano dos estudos de Grao para consolidar as vocacións nestes ámbitos. A experiencia permitiralle ao estudiantado concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas áreas, así como a súa aplicabilidade na resolución de problemas en diversos campos da investigación e da innovación. A iniciativa posibilitará tamén transmitir aos estudantes a experiencia científica directa, os valores, fundamentos e procesos metodolóxicos da ciencia, conectar a vida non universitaria e a universitaria e potenciar a convivencia entre estudantes de diferentes comunidades autónomas.

Os Campus Científicos de Verán, é unha proposta que organiza o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) co patrocinio de Obra Social la Caixa e a colaboración de 16 universidades pertencentes aos Campus de Excelencia Internacional certificados en 2011 nas que terán lugar as estadias.





A inauguración da edición 2016 na USC celebrouse o luns 4 de xullo ás 10.00 horas no Salón de Actos do Colexio Maior Fonseca presidida polo vicerreitor de Comunicación e Coordinación, Xosé Pereira, xunto co delegado do Reitor para o ensino medio, Luís HervellaTorrón

A actividade estendeuse entre o 3 e o 30 de xullo. Na primeira quincena participan un total de 60 estudantes de 1º de Bacharelato distribuídos en dúas quendas dunha semana. A estas sumáranse na 2ª quincena outros 60 estudantes de 4º de ESO divididos tamén en dúas quendas dunha semana.

O alumnado participantes incorporouse nos proxectos «A sustentabilidade do ciclo da auga: Un dos 21 retos do século XXI» (Escola Técnica Superior de Enxeñaría), «Buscando as partículas máis enerxéticas do Universo» (Facultade de Física), «A maxia dos hidroxelos intelixentes» (Facultade de Farmacia) e «MathematiCSI: Mathematical Scene Investigation» (Facultade de Matemáticas) que dirixen, respectivamente Gumersindo Feijoo Costa, Ricardo Vázquez López e Pablo Vázquez Regueiro, Francisco Javier Otero Espinar e M<sup>a</sup>. Victoria Otero Espinar.

NOMBRE DEL PROYECTO	LUGAR DE REALIZACIÓN
BUSCANDO AS PARTÍCULAS MÁIS ENERXÉTICAS DO UNIVERSO	FACULTADE DE FÍSICA
A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES	FACULTADE DE FARMACIA
A SOSTENIBILIDAD DO CICLO DA AUGA: UN DOS 21 RETOS DO SÉCULO XXI	ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA
MATHEMATICS: MATHEMATICAL SCENE INVESTIGATION	FACULTADE DE MATEMÁTICAS





## PROXECTOS REALIZADOS. BREVE DESCRICIÓN DE OBXETIVOS

### «BUSCANDO AS PARTÍCULAS MÁIS ENERXÉTICAS DO UNIVERSO»

A familiarización do alumnado coa estrutura fundamental da materia, desde o átomo ás partículas elementais que a constitúen e os tipos de interaccións presentes na natureza, e coa historia dos descubrimentos científicos que levaron aos modelos e resultados actuais. Tamén adquiriron unhas nocións básicas de como funcionan os experimentos de colisión de partículas en aceleradores e cal é a súa finalidade. Achegamento do alumnado á Física de Astropartículas, partículas con grandes enerxías que proveñen de fóra da Terra, e en particular cos Raios Cósmicos. adquiriron unhas nocións básicas sobre os conceptos máis relevantes deste campo, sobre as cuestións que aínda permanecen abertas e ás que os experimentos actuais intentan dar resposta. Realizouse un primeiro contacto co experimento de raios cósmicos Observatorio Pierre Auger desde un punto de vista teórico. En resumo, os alumnos hanse familiarizado coa Física de Astropartículas e motivouse científicamente o seu interese polo proxecto no que participarán ao longo da semana.

### «A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES»

O obxectivo xeral do proxecto é familiarizar aos alumnos con novos materiais baseados en polímeros capaces de responder a estímulos. Durante o curso os estudantes estudarán o comportamento de polímeros e geles e sobre todo das propiedades básicas que resultan de interese no campo da farmacia e a biomedicina. Moitos dos avances no desenvolvemento de biomateriales, produtos sanitarios, medicamentos ou biosensores son posibles grazas ao desenvolvemento de novos sistemas poliméricos hidrofílicos, biodegradables que son capaces de modificar a súa conformación en función das características biolóxicas, químicas ou físico-químicas do medio. A elevada afinidade polo auga e a posibilidade de modular a estrutura do entramado tridimensional mediante estímulos físicos ou químicos, fai posible o deseño de sistemas con propiedades mecánicas e de cesión de fármacos ou outras substancias activas moi interesantes. Este curso pretende dar a coñecer as prestacións dos hidrogéis intelixentes a través dunha combinación equilibrada de fundamentos teóricos e preparación e caracterización práctica de sistemas sinxelos.

### «A SOSTENIBILIDAD DO CICLO DA AUGA: UN DOS 21 RETOS DO SÉCULO XXI»

Realizouse unha introdución de carácter xeral a aspectos relacionados co ciclo do auga urbano e a depuración de augas residuais. Déronse a coñecer os distintos contaminantes do auga e como medilos. Descríronse as unidades ten unha planta depuradora de augas residuais. Os alumnos aprenderon







como os sistemas físico-químicos eliminan os contaminantes sólidos e coloidales. Mostrouse como operar e determinar a eficacia dun sistema de coagulación-floculación, así como a efectividade de diferentes compostos químicos á hora de conseguir unha óptima separación dos contaminantes do auga.

Os alumnos utilizaron o equipo denominado ?Ciclón? co fin de estudar a sedimentación de partículas en diferentes cámaras de sedimentación. Con este traballo aprenderon que o proceso de sedimentación esta dominado pola velocidade de avance das partículas, que á súa vez depende de dous factores o cauda e a forma e dimensións do sedimentador. Esta práctica permitiulles adquirir e entender os conceptos teóricos que se atopan aplicados nos equipos a escala real nas plantas de augas residuales

## «MATHEMATICS: MATHEMATICAL SCENE INVESTIGATION»

O obxectivo principal desta actividade é conseguir que o alumnado perciba que

- As Matemáticas resultan imprescindibles para comprender o mundo que nos rodea.
- Gran parte dos fenómenos reais pode describirse matematicamente, sendo as ecuaciones diferenciales e as ecuaciones en diferenzas uno dos instrumentos máis utilizados na resolución de diversos problemas da Física, Biología, Economía,...
- Diferentes algoritmos ou procedementos de base matemática son tamén de gran utilidade na nosa vida cotiá.

Para iso aproveitamos algúns dos recursos que as Matemáticas ofrecen para a resolución de situacións da vida real que poden resultar enigmáticas. Desta forma, preténdese conseguir un achegamento á Ciencia, principalmente ás Matemáticas, a través de actividades lúdicas enfocadas a despertar o interese e a curiosidade polas aplicacións menos coñecidas desta disciplina. Unha das actividades propostas foi a resolución dunha investigación policial ficticia utilizando certas técnicas cuxa base fundamental son as Matemáticas

Ademais da realización dos proxectos de investigación, o estudiantado tivo ocasión de escoitar os profesores da USC que explicaron temas do seu interese nas seguintes charlas:

### PONENTE

Ángel M<sup>a</sup> Carracedo Álvarez

Jorge Mira Pérez

Enrique Macias Virgós

### TITULO CHARLA

Para qué sirve el genoma humano

Las Matemáticas del siglo XXI

Que distancia nos separa del firmamento

Tamén participaron en actividades lúdico-deportivas, visitas guiadas ao patrimonio histórico da USC, Museo «Historia Natural e a Cidade de Santiago de Compostela




# Campus STEM IESRosalía

## Campus Científico

Descubre o Mundo STEM (Science Technology Engineering Maths)

A ANPA, en colaboración coa Universidade de Santiago (USC), organizou un Campus Científico **do 27 de xuño ao 1 de xullo** de 2016

O campus dirixido a **20 alumnos/as** de **3º-4º ESO do IES Rosalía de Castro**, consistiu en actividades deseñadas por centros da USC para que os alumnos fixeran experimentos e traballaran nun contorno universitario.





## PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

### DÍA 1: Bioloxía

9:20 Recepción de participantes na hall da facultade de Bioloxía  
9:30 Inauguración do Campus no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía polo Vicerreitor de Comunicación e Coordinación  
10:00 a 12:00 Actividade 1: Os microbios cos que convives (Laboratorio 4)  
12:00-14:00 Actividade 2: O abc dos solos (a desenvolver na Selva Negra, Monte Pedroso).  
14:00 Chegada do autobús ao Campus Vida, Facultade de Bioloxía

### DÍA 2: Química/Historia

9:20 Recepción de participantes no hall da Facultade de Química  
9:30 a 13:30 Xincana de Química  
16:20 Punto de encontro na entrada do IES Rosalía de Castro  
16:30-18:30 Roteiro: Cómo se fai a historia?

### DÍA 3: Física

9:20 Recepción de participantes no hall da Facultade de Física  
9:30 a 13:30 Rotación polos laboratorios

### DÍA 4: ETSE

9:20 Recepción de participantes no hall da ETSE  
9:30 -11:25 Grupo 1 Tratamento primario de augas residuais (ETSE)  
Grupo 2 Introducción á intelixencia artificial (CiTIUS)  
11:25-11:35 Traslado ETSE <-> CiTIUS  
11:35-13:30 Grupo 1 Introducción á intelixencia artificial (CiTIUS)  
Grupo 2 Tratamento terciario de augas residuais (ETSE)  
16:20 Recepción no hall da ETSE  
16:30-18:30 Grupo 1 Tratamento terciario de augas residuais (ETSE)  
Grupo 2 Tratamento primario de augas residuais (ETSE)

### DÍA 5: Matemáticas

9:20 Recepción de participantes no hall da Facultade de Matemáticas  
9:30-13:30 Aceptas o reto? Mostra as túas habilidades  
13:30-14:00 Resultados do experimento «Os microbios cos que convives» (Facultade de Bioloxía) e CLAUSURA


Aos participantes fíxoselle entrega dunha camiseta, carpeta e axenda da USC.



# I CAMPUS TECNOLÓGICO

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA & PLAY CODE ACADEMY

O campus tecnolóxico está dirixido a alumnado de idades comprendidas entre os 6 e 17 anos, niveles educativos de primaria a bacharelato é unha forma de dar a coñecer as novas tecnoloxías e a linguaxe da programación dun xeito ameno e divertido descubrindo o mundo universitario dende dentro.







Esta destinado aos/ás fillos/as dos empregados da universidade en primeira instancia é en segundo lugar ao resto de alumnado alleo a universidade .

Esta nova actividade tivo lugar nas semanas do 11 ao 15 de xullo e do 18 ao 22 do mesmo meso na Escola Técnica Superior de Enxeñaría. Cun horario de 9 a 14 horas con opción de madrugadores e servizo de comedor o que supuxo un valor engadido para as familias que lle permitiu compatibilizar co seu traballo.

A través dos diferentes talleres o alumnado sumérxe no mundo do deseño e a impresión 3D, descubriendo a linguaxe da programación e a robótica con retos e competicións, construíndo os seus propios drons e aprendendo a pilotalos.

Tamén tiveron a oportunidade de visitar áreas de interese en novas tecnoloxías dentro da USC coñecéndoa por dentro. E recibiron charlas de profesionais e expertos.

O alumnado estivo dividido en grupos por idades e niveis educativos logrando así que os asistentes aproveitaran ao máximo a súa experiencia

Este tipo de actividades repórtalle a USC un servizo engadido para os empregados con fillos/as, apertura da universidade a cidade e captación de futuros estudantes.

Esta experiencia resultou moi gratificante, con total aproveitamento dos talleres por parte do alumnado ao tempo que disfrutaban e se divertían. Tamén temos constancia da satisfacción plena dos pais con referencias moi positivas e cualificacións das enquisas recibidas. Un 97,1% dos asistentes recomendarían o campus.

OUTRAS ACTIVIDADES





## «XXIV XORNADAS DE ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA E PROFESIONAL DO CONCELLO DE A CORUÑA»

Organizada polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña do 11 ao 15 de Abril de 2016 celebráronse as xornadas de información e orientación aos alumnos/as de ensino medio, do centro da cidade e arredores nas que participou o profesorado da USC, que de seguido se indica para presentar as distintas titulacións que a nosa Universidade oferta

ESTUDOS	RELATOR
Traballo social	Puñal Romarís, M <sup>a</sup> Elena
Linguas e literaturas modernas	Prego Vazquez, Gabriela
Filoloxía clásica	Prego Vazquez, Gabriela
Enxeñaría agrícola e agroalimentaria	Lopez Gonzalez, Francisco Javier
Enxeñaría forestal e do medio natural	Lopez Gonzalez, Francisco Javier
Ciencias da cultura e difusión cultural	Fernández Suárez, Gonzálo Francisco
Filosofía	Conde Soto, Francisco.
Historia	Andrade Cernadas, Jose Miguel
Historia da arte	Andrade Cernadas, Jose Miguel
Farmacía	Sández Macho, M <sup>a</sup> . Isabel
Medicina	Torres Iglesias, Angela Juana
Nutrición humana e dietética	Rumbo Gómez, Antonio
Odontoloxía	Suárez Quintanilla , Juan
Xeografía e ordenación do territorio	Paül Carril, Valerià
Optica e optometria	García Resúa, Carlos
Veterinaria	Ibarguren Arizeta, M <sup>a</sup> Izaskum

ESTUDOS	RELATOR
Física	Sanchez de Santos, José Manuel
Física + Química	Sanchez de Santos, José Manuel
Matemáticas	Otero Espinar, M <sup>a</sup> Victoria
Matemáticas + Física	Otero Espinar, M <sup>a</sup> Victoria
Enxeñaría Informática + Matemáticas	Otero Espinar, M <sup>a</sup> Victoria
Enxeñaría en xeomática e topografía	Iniesto Alba, M <sup>a</sup> Jose
Enxeñaría civil + Xeomática e topografía	Iniesto Alba, M <sup>a</sup> Jose
Ciencias políticas e da administración	Artaza Montero, M <sup>a</sup> de Manuel
Enxeñaría química	Omil Prieto, Francisco
Enxeñaría procesos químicos industriais	Rumbo Gómez, Antonio
Psicoloxía	Méndez Paz, Castor
Comunicación audiovisual + Xornalismo	Toural Brán, Carlos
Xornalismo	Toural Brán, Carlos
Pedagogía	Valcarce Fernández, Margarita

## ACTIVIDADES AÑO INTERNACIONAL DE LA LUZ – GRUPO USCOSA

COORDINADORA: M<sup>a</sup> Teresa Flores Arias

### Taller actividades de Óptica y Fotónica

- IES DE AMES (Ames – A Coruña)  
Data 3/11/2015
- CEIP PIO XII (Santiago de Compostela – A Coruña)  
Data 8/04/2016
- ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA  
Data 13/02/2016

